

CONCURSO FOTO e CIENCIA

BASES DO CONCURSO

1.- Destinatarios:

Poderán participar todo o alumnado do centro, establecéndose os seguintes niveis:

- Nivel I: 1º e 2º de ESO
- Nivel II: 3º e 4º de ESO
- Nivel III: Bacharelato

2.- Presentación:

Cada participante poderá presentar unha única fotografía, que deberá ser orixinal. A fotografía terá un tamaño de 10cm x 14cm. Deberá montarse nunha cartulina tamaño A4, e deberá levar un título acompañado dun pequeno texto que permita interpretar o seu interese científico (máximo 5 liñas). O nome do concursante así como o seu grupo de clase deberá ir na parte posterior da cartulina.

3.- Prazo de presentación:

Do luns 10 de novembro ao venres 1 de decembro.

4.- Valoración:

Os traballos presentados seleccionaranse atendendo a:

- Orixinalidade da fotografía
- Título
- Texto adxunto

5.- Xurado:

Estará constituído por: dous membros do departamento de *Bioloxía e xeoloxía* e un alumno/a da materia de *Debuxo artístico* ou de *Historia da arte*.

6.- Premios:

Concederanse para cada un dos niveis:

- Un 1º premio consistente en DUAS ENTRADAS DE CINE
- Ata dous accésit consistente nun BOCADILLO E BOTELLÍN DE AUGA da cafetería do centro.